

Nova xuntanza da principal mesa de negociación da DGT pero poucas novidades.

O concurso xeral de traslados está case listo para a sinatura e envío a BOE. Se non demoran a firma no Ministerio publicarase antes de rematar o mes. A pesar dos postos que ficarán desertos, o resultado é positivo para o organismo pois incorporaranse 95 persoas doutros organismos. Aínda que estamos ás portas das vacacións de verán indican que, agás casos puntuais, non se vai reter aos operadorxs de información. No caso de examinadorxs, reteranse sequera vinte días para garantir o servizo de exames ao estar planificado con antelación; máis tempo se a situación da xefatura queda apurada pola perda de persoal.

Está previsto a convocatoria dun concurso específico na segunda metade de ano. Pedíuse que se valorara un novo concurso xeral antes de rematar 2025 para que o noso persoal interesado en cambiar de provincia non se vexa *tentado* a participar en concursos doutros organismos.

Como dato positivo infórmase de que van incorporarse 401 auxiliares de novo ingreso que está previsto tomen posesión entre outubro-novembro, e 26 funcionarixs do corpo administrativo (estes últimos prevese que se incorporen un pouco antes con destino en servizos centrais). O persoal de novo ingreso, xunto cos 95 que “gañamos” no concurso xeral, servirá de alivio temporal á situación de desertización de persoal que está a padecer a DGT. Tan temporal que se sabe que nun par de anos, pola previsión de xubilacións e posible mobilidade do persoal, volveremos a estar na mesma situación que a día de hoxe.

O colectivo de examinadorxs, coa incorporación do persoal de novo ingreso previsto para despois do verán, vai sufrir menos que o persoal administrativo: a súa RPT quedará cuberta por riba do 90%. Para este colectivo, non obstante, hai cuestións que teñen pendentes de solución e seguen a demandar: falta de persoal de seguridade en pistas, puntos de saída de exames pouco apropiados ou a necesidade de elaboración dun protocolo ou directriz para avaliar as persoas con mobilidade reducida que optan a un permiso do grupo I (de xeito similar ao que existe para os permisos do grupo II) son cuestións que se trataron na xuntanza.

Reclamando o cumprimento dos compromisos adquiridos pola administración en xuntanzas pasadas demandamos unha nova instrución de produtividade e reclasificación de postos -en especial dos mandos intermedios-, que permitan paliar a perda de poder adquisitivo e conter a fuga de persoal a organismos con mellores condicións económicas. A administración informa que seguen a traballar nun proxecto global que permita reter e atraer persoal e que abarca diversas cuestións desde

aumento nas retribucións e produtividade, avaliación de desempeño, ata melloras nas condicións laborais (posibilidade de teletraballo de forma máis extensa e regular)... mentres poñen en marcha novas formas de atender as necesidades da cidadanía. Neste sentido vai porse en marcha de xeito inmediato un chat de IA para axudar en trámites telemáticos á vista de aumento progresivo e continuo da tramitación a través da sede que parece que xa supera en cantidade aos trámites realizados en xefaturas. O que en anteriores xuntanzas da mesa anunciaban que presentarían á parte sindical no primeiro trimestre de ano, agora xa adían para final de ano. Canto máis tempo tarden en dar solución ao descontento do persoal, máis posibilidades de que participemos en concursos de traslado a outros organismos agora que tamén desde “provincias” temos posibilidade de mobilidade.

A CIG trasladamos a nosa preocupación pola crecente deslocalización de postos de Madrid a xefaturas e insistimos na necesidade de que este sistema non sirva para sortear os mecanismos previstos de mobilidade e promoción profesional. Reclamamos que se traballe na identificación na RPT dos postos desta tipoloxía por transparencia e para coñecemento de todo persoal que, en calquera momento, poida ter interese en ocupalos en vista de que soen tratarse de postos de maior nivel, complemento específico e produtividade que os dun operador de información normal que está a padecer a crecente e continua presión de traballo en xefaturas.

O Plan de formación continua vai porse en marcha en breve, agora que vén de adxudicarse a contratación da plataforma para dar os cursos.

Segue a saír nestas reunións queixas polos continuos cortes de conexión coas aplicacións, con pouca solución. Xerencia de informática traslada que son os primeiros interesados en que todo funcione o mellor posible e traballa en que así sexa.

Segue habendo preocupación polo contrato da Unidade de Medios Aéreos, xa prorrogado e a piques de chegar o prazo da súa extinción legal.